


Manuel Vidal, Un Presbítero Ilustrado de Maceda

Libro do historiador **Santiago Prol** editado en agosto 2017 pola editorial Servipost Editores, S.L.



Abrangue esta sólida achega transversalmente a vida e a obra de Manuel Vidal (1871-1941), un presbítero ilustrado cheo de humanidade e **orixinario de Maceda** (Ourense), que desenvolveu boa parte da súa creación literaria en Compostela, cidade na que exerceu como catedrático de Literatura (dende 1914), e como persoeiro necesario na órbita do rexionalismo culturalista a carón de Armando Cotarelo.

A súa triloxía arredor do mito xacobeo e os seus relatos e pezas teatrais no galego popular das súas orixes, enmarcan como autor en clave nosa.

A súa acesa amizade coa condesa de Pardo Bazán, mesmo con reiteradas estadias nas Torres de Meirás; a súa pertenza ao lobby dos curas galegos asentados no Madrid de comezos do século XX (con Vales Failde e Basilio Álvarez), xunto coa súa paixón pola obra capital de Miguel Cervantes como referente didáctico, fan desde polígrafo- apenas coñecido-, un egrexio a vindicar e recupera para a memoria colectiva.

Tapa blanda, encuadernación rústica 364 páxinas, 24x17 cm, en galego, . ISBN-13: 9788415805298; prezo recomendado: 17 €